

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 12 de setembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día doce de setembro de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(993).- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE AGOSTO E EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 2 DE SETEMBRO DE 2014.

Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 29 de agosto e extraordinaria e urxente do 2 de setembro do ano 2014. Deberán incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizadas coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

2(994).- PROXECTO DE CONVENIO COA SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO QUE REXERÁ A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DE FOMENTO, COÑECEMENTO E DIFUSIÓN DA CULTURA MUSICAL- ANO 2014. EXPTE. 11521/101.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 20/08 e 05/09, respectivamente, dáse conta do informe-proposta do 27/08, do técnico de Admon.Xeral, conformado pola concelleira de Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Con data 3 de xuño de 2014 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo escrito do Vicepresidente da Sociedad Filarmónica de Vigo en solicitude de concesión dunha subvención, nas condicións que esta Administración municipal considere convintes, para o desenvolvemento da súa actividade.

2º.- No dito escrito faise constar que a Sociedad Filarmónica de Vigo é unha entidade sen ánimo de lucro, fundada en 1915 e dedicada, desde entón, a fomentar o coñecemento e difusión da mellor música entre toda a sociedade viguesa; que próxima a cumprir a dita sociedade o seu centenario en 2015, nos case 100 anos da súa traxectoria ten intentado e conseguido atraer a Vigo aos mellores intérpretes, incorporando a súa oferta musical, cun criterio ecléctico, non so a música "clásica", no seu máis amplo sentido, senón tamén a sinfónica moderna, o jazz ou a música criolla, descubriendo así para o gran público da cidade o nunca suficientemente coñecido tesouro da música; que neste cometido, e mediante novos acordos, esta oferta musical foise ampliando con concertos de gran orquesta; e, en fin, que a solicitante ven facilitando o acceso aos concertos que oferta dos alumnos dos conservatorios y escolas de música da cidade, como contribución as novas xeracións de futuros intérpretes.

3º.- Ao dito escrito a asociación solicitante achega a documentación que segue:

- Memoria das actividades realizadas e a realizar.
- Orzamento de gasto e de ingresos.
- Certificacións de carecer de débedas có Concello de Vigo, Facenda pública, Seguridade Social e Facenda da Xunta.
- Declaración responsable de non contar con outro tipo de axuda.
- Copia dos estatutos da asociación.
- Copia do DNI do presidente da asociación.
- CIF sociedade.
- Certificación bancaria.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición prevista na Ley de Subvencións de Galicia para ser beneficiaria da subvención solicitada nin en causa de procedencia de reintegro.

4º.- O vixente orzamento xeral municipal inclúe, como subvención nominativa, a favor da Sociedad Filarmónica de Vigo, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.04, a cantidade de 18.000 euros.

5º.- Con estes antecedentes o servizo técnico da Alcaldía procedeu a redacción do convenio reitor da subvención, cuxa aprobación se propón.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primera.- A concesión da axuda económica solicitada desta Administración municipal pola Sociedad Filarmónica de Vigo para o desenvolvemento da súa actividade de fomento coñecemento e difusión da música "clásica", así como da sinfónica moderna, do jazz e da música criolla entre a sociedade viguesa, se enmarca dentro da denominada actividade administrativa de fomento que as Administracións públicas poden promover mediante a concesión de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos ao Ente público; acción de fomento á que expresamente se refire o artigo 294 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, en relación coas Corporacións Locais, dispoñendo que: "1. A actividade de fomento se exercerá de conformidade cos principios de publicidade, obxectividade, libre concorrència e igualdade e con adecuación á legalidade orzamentaria"; que

“2. As Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico ou doutra natureza as entidades, organismos ou particulares, nos casos en que os servizos ou actividades dos mesmos complementen o substitúan aos atribuídos á competencia local”; que “En todo caso a concesión destas subvencións ou axudas terá en conta os criterios, directrices e prioridades que establezan os planes sectoriais de coordinación” e, por último, que “3. As Corporacións Locais comprobarán a aplicación efectiva dos medios de fomento á la finalidade prevista”.

Segunda.- Dentro desta acción de fomento, a axuda económica solicitada responde á categoría técnica de subvención, definida nos artigos 2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en tanto que a mesma se concreta nunha achega económica sen contraprestación directa da beneficiaria, que se suxeita á realización dun proxecto, xa realizado ou por desenvolver, cuxa execución ten de fomentar unha actividade de utilidade pública e interese social, como é, no caso que nos ocupa, o fomento da cultura.

Terceira.- O artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, na vixente redacción, dada pola lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece no seu apartado 2 que: “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: m) promoción da cultura e equipamentos culturais.

Cuarta.- A actividade de fomento, coñecemento e difusión musical que desenvolve a Sociedad Filarmónica de Vigo é, pois, unha actividade que complementa as propias das administracións municipais, a que procede atribuir, pola súa propia natureza, o interese social que precisa a actividade subvencional; cualidades as ditas, que o Concello de Vigo recoñeceu na actividade da asociación beneficiaria, ao incluír no acordo aprobatorio do vixente orzamento xeral, como subvención nominativa, a favor desta asociación, na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.04, a cantidade de 18.000 euros.

Quinta.- De acordo co disposto nos artigos 22 e 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4.a) e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, sendo o convenio o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

Sexta.- O expediente e o convenio cuxa aprobación se propón incorpora e xustifica as esixencias mínimas que para a concesión desta subvencións establece o artigo 26.2 da Lei 9/2007 LSG; determinacións que se estiman conformes ao interese público que a subvención persigue e ao Ordenamento Xurídico e suficientes ao fin pretendido.

Sétimo.- De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do concesión da subvención, nos termos propostos e, con carácter previo, a aprobación do gasto (artigo 31 LSG), previo informe da Intervención Xeral Municipal.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1. Autorizar o gasto por importe de 18.000 euros, a favor da Sociedade Filarmónica de Vigo, con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.04 “Sociedade Filarmónica de Vigo”, en concepto de subvención a actividade desta asociación no ano 2014. A entrega da subvención á Sociedade Filarmónica de Vigo realizarase en dous pagos, por importe cada un de nove mil euros (9.000 euros), contra a presentación das memorias xustificativas e de avaliación das programacións correspondentes as actividades realizadas no pri-*

meiro e no segundo trimestre, respectivamente, do ano 2014, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados. A presentación da memoria xustificativa e xustificantes de pago correspondentes as actividades realizadas no segundo semestre ata a data da presentación da memoria e xustificación deberá ter lugar antes do día 20 de novembro de 2014”.

2. “Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo e a Sociedade Filarmónica de Vigo, que rexerá a subvención nominativa consignada nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo para coadxuvar á execución do programa de concertos realizados e por realizar na cidade pola asociación solicitante no ano 2014; texto que se incorpora como anexo á presente proposta de acordo.”

“CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SOCIEDADE FILARMÓNICA DE VIGO QUE HABERÁ DE REXIR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DESTA PARA O DES-ENVOLVEMENTO DA SÚA ACTIVIDADE DE FOMENTO, COÑOCEMENTO E DIFUSIÓN DA CULTURA MUSICAL NO ANO 2014.

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Avelino San Luis Costas, como presidenta da entidade Sociedad Filarmónica de Vigo, CIF nº G-36652881 e enderezo social na rúa Camelias 52, baixo, en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 11521-101.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a Sociedade Filarmónica de Vigo e unha entidade se ánimo de lucro, con case que un século de existencia, que se adica a fomentar o coñecemento e a difusión da mellor música entre a sociedade viguesa, mediante a programación de Concertos e outras actividades, a fin de promover a afección á música como actividade tanto cultural coma social

II.- Que a Alcaldía de Vigo, coñecedora das ditas actividades e accións e no exercizo da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da Sociedad Filarmónica de Vigo, coma medio que é de promover a música na Cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 912.0.480.00.04, como subvención nominativa, a favor da Sociedad Filarmónica de Vigo, a cantidade de 18.000 euros.

IV.- Que a Sociedade Filarmónica de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo máis arriba citado.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con aranzo aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Sociedad Filarmónica de Vigo comprométese a realizar e xustificar a realización do programa de concertos para o ano 2014, que figura na documentación do expediente administrativo núm. 11521/101, sen prexuízo de que se poidan producir modificacións nas actividades e concertos previstos pola asociación no seu programa, pero aínda non contratados, que poderán ser substituídos por outros.

A Sociedad Filarmónica de Vigo comprométese igualmente a colaborar co Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión da música e da cultura musical, e concretamente a:

1º. Poñer a disposición do Concello de Vigo a súa experiencia e infraestrutura en todas aquelas actividades que constitúen o obxecto propio da Sociedade Filarmónica de Vigo.

2º. Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas musicais desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da Sociedad Filarmónica de Vigo.

3º. Facilitar gratuitamente a entrada aos concertos que organice a Sociedad Filarmónica de Vigo do alumnado dos conservatorios e escolas de música de Vigo.

4º. Achegar gratuitamente ao Concello de Vigo cincuenta entradas para todos e cada un dos concertos e actividades que realice.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa Sociedad Filarmónica de Vigo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos musicais na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Sociedad Filarmónica de Vigo (revista, web, etc).

3º.- Conceder á Sociedad Filarmónica de Vigo unha subvención por importe de 18.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.480.00.04 "Sociedade Filarmónica de Vigo" mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas coa súa programación musical no ano 2014.

A entrega da subvención á Sociedade Filarmónica de Vigo realizarase en dous pagos, por importe cada un de nove mil euros (9.000 euros), contra a presentación das memorias xustificativas e de avaliación das programacións correspondentes as actividades realizadas no primeiro e no segundo trimestre, respectivamente, do ano 2014, acompañadas dos xustificantes dos pagos realizados. A presentación da memoria xustificativa e xustificantes de pago correspondentes as actividades realizadas no segundo semestre ata a data da presentación da memoria e xustificación deberá ter lugar antes do día 20 de novembro de 2014.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada,

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional do Concello de Vigo en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen nas actividades da beneficiaria, debendo aparecer nestas có seu logotipo ou anagrama en calidade de colaborador de todas as actividades realizadas por esta sociedade no ano 2014.

A Sociedade Filarmónica de Vigo achegará probas deste material para conformidade do Concello de Vigo e o do seu logotipo.

Sétimo.- A beneficiaria, antes do día 20 de novembro de 2014", deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais (que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE) pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi deeuros. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no ano 2014.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Alcaldía, que emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Alcaldía e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- Os datos persoais da solicitante y o do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, obxecto deste convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e

notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación, en orden á conclusión do proceso subvencional, por lo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Real Decreto 1720/2007, de desenvolvemento da LOPD, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo, como administración concedente da subvención.

En todo caso, o Concello de Vigo non aplicará ou utilizará con outra finalidade os datos, nin tampouco os comunicará en ningún caso a outras persoas ou entidades, salvo excepcións legais o por mandato do titular da información.

O Concello de Vigo comprométese a cumprir e facer cumprir o deber de secreto profesional y de confidencialidade que abarcará calquera información ou dato que puidese coñecer, con ocasión da xestión desta subvención, en especial aos de carácter persoal, de acordo co establecido no artigo 10 de la Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

A beneficiaria e, no seu caso, os seus representantes, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo, nos términos previstos na citada Lei 15/1999.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2014.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

3(995).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA DE SEGUROS PRIVADOS Ó CONCELLO DE VIGO E ÓS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 4812/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do 02/09/14, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 30-07-2014, 05-08-2014, 07-08-2014, 12-08-2014 e 02-09-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ó concello de Vigo e os seus organismos autónomos (expediente 4812-241), no seguinte orde decrecente:

LICITADORES	COMISIÓN CORRETAXE
GESTORES TÉCNICOS ASEGURADORES, S.A.	0,00%
WILLIS S&C C CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.U	0,00%
ARTAI CORREDURIA DE SEGUROS, S.A.	0,00%
AON GIL Y CARVAJAL CORREDURIA DE SEGUROS, S.A.	1,50%
CAMPOS RIAL CORREDURA SEGUROS, S.A.	2,50%
SOCIEDAD UNIPERSONAL UNITECO PROFESIONAL, S.L.	3,00%

Os licitadores empatados a cero teñen a seguinte porcentaxe de traballadores discapacitados de carácter fixo na súa plantilla:

- *GESTORES TÉCNICOS ASEGURADORES, S.A.:* 60%
- *WILLIS S&C C CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.U:* 8,52%
- *ARTAI CORREDURIA DE SEGUROS, S.A.:* 0%

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, GESTORES TÉCNICOS ASEGURADORES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

-Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

-Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

-A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares para acreditar a personalidade xurídica, a representación, a solvencia económica e técnica, a habilitación profesional e os medios persoais a adscribir á execución do contrato.

-Os contratos de traballo e documentos de cotización á seguridade social dos traballadores discapacitados

-Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 647,98 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

4(996).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ÁRBORES, ARBUSTOS E PLANTAS DE TEMPORADA. EXPTE. 7569/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do 02/09/14, da secretaria da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas o día 02-09-2014 ás 09:00 horas e as 13:00 horas e o informe de valoración da oferta económica asinado polo xefe do servizo de Montes , Parques e Xardíns D. Gilberto Moldes Crespo de 02-09-2013, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración de árbores, arbustos e plantas de temporada (expediente 7569-446)), no seguinte orde decrecente:

Calfensa Proyectos, S.L. 100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Calfensa Proyectos, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Póliza do seguro de responsabilidade civil e accidentes.

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 671,14 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

5(997).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “IX MARCHA CICLISTA A NAVIA” O VINDEIRO DÍA 1 DE SETEMBRO DE 2014. EXPTE. 13323/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 26/08/14, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

“Segundo consta neste expediente a Asociación Veciñal E. Crespo de Navia, ten previsto organizar o vindeiro domingo 21 de setembro de 2014, a “IX Marcha ciclista a Navia”

Esta proba deportiva, está previsto que comenze ás 10.30 horas e que remate ás 12.30 horas, a saída será dende a rúa Teixugueiras (Praza Principal, nº 28), percorrendo pola rúa Ufas, Pedraseixa, Lamelas, Teixugueiras, Ufas, Pedraseixa, e a segunda etapa, Padre Seixa, Xuncal, San Paio de Navia, rúa do Río, Av. Samil, Av. Europa, rúa Bravo, rúa Pereiras, rúa Lourido, rúa Bravo e remate na Asociación veciñal de Navia.

O devandito evento xa se notificou a Policía Local, Seguridade e Protección Civil.

Visto a anterior, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a Asociación Veciñal E. Crespo de Navia, a organizar o vindeiro domingo 21 de setembro de 2014, a “IX Marcha Ciclista a Navia”, dita carreira comenará ás 10.30 horas e rematará ás 12.30 horas, a saída será dende a rúa Teixugueiras (Praza Principal, nº 28) e seguirá pola rúa Ufas, Pedraseixa, Lamelas, Teixugueiras, Ufas, Pedraseixa, e a segunda etapa, Padre Seixas, Xuncal, San Paio de Navia, rúa do Río, Av. Samil, Av. Europa, rúa Bravo, rúa Pereiras, rúa Lourido, rúa Bravo e remate na Asociación veciñal de Navia.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

6(998).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICO-DOCENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES FÍSICO DEPORTIVAS DO PROGRAMA DE XIMNASIA PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 13287/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21/08/14, dáse conta do informe-proposta do 03/09/14, do director deportivo-xefe da unidade técnica que figura conformado polos concelleiros de Deportes e de Facenda e fiscalizado en data 05/09/14, que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

Con data 11 de xullo de 2014, o Concelleiro Delegado de Deportes dictou orden de inicio do expediente para a contratación da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de “Ximnasia para persoas maiores”.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- *Memoria xustificativa da necesidade da contratación da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de “Ximnasia para persoas maiores”.*
- *Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico*

deportivas do programa de ximnasia para persoas maiores, asinado polo Director Deportivo. Xefe da unidade técnica, con data 11 de xullo de 2014.

- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 1 de setembro de 2014.
- Informe favorable da Titular de Asesoría Xurídica de data 14 de agosto de 2014, sobre o PCAP.

2.- Condicións definatorias do contrato:

a.- Obxecto e natureza do contrato:

O obxecto do presente expediente contempla a contratación da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de "Ximnasia para persoas maiores".

O presente contrato atópase vinculado ás competencias propias previstas no art. 25.2. l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, en relación á execución de programas de promoción da actividade deportiva.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 22 do TRLCSP), así como os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente, atópanse relacionadas no prego de prescricións técnicas particulares e de forma xeral atende fundamentalmente á prestación dos servizos técnicos directamente relacionados coas necesidades para a posta en funcionamento dos programa de ximnasia para maiores.

O contrato, polo seu obxecto, será un contrato de servizos, previsto no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, TRLCSP).

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación.

O importe estimado do valor estimado do contrato determina a tramitación como un procedemento aberto.

A forma de tramitación será a ordinaria.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, os prezos que servirán como base para a execución deste contrato, determínanse en base ós seguintes aspectos:

O presente contrato será calculado en base a referencia do prezo unitario para a hora de docencia técnica (titulado superior Lcdo Ciencias da Actividade Física e o Deporte) para o desenvolvemento das actividades físicas ximnasia para persoas maiores, establecendose como prezo de licitación para dito contrato o de 35,00 €, hora sendo o importe aplicable o IVE (21%) o de 7,35 €, o cal totaliza un importe total de 42,35 €.

O importe para a totalidade do contrato estímase en 31.640,00 € sen iva, nun importe correspondente ó iva (21%) de 6.644,40 € o cal totaliza un importe de 38.284,40 €. con IVE (21%), como orzamento base de licitación, co seguinte desglose do contrato por anualidades

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2014	10.546,67 €	2.214,80 €	12.761,47 €
2015	21.093,33 €	4.429,60 €	25.522,93 €

	31.640,00 €	6.644,40 €	38.284,40 €
--	-------------	------------	-------------

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	227.99.25	USO DE INSTALACIÓNS DEPORTES MAIORES
------	-----------	--------------------------------------

O gasto proposto establécese de acordo cos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira contidos no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, xa que os créditos que se prevén para este contrato para cada exercicio son análogos aos existentes en anteriores exercicios presupostarios co mesmo obxecto e non van a significar desequilibrio financeiro ningún tendo en conta que os prezos unitarios axústanse aos prezos de mercado, pois establecéronse coa experiencia adquirida na execución do vixente contrato.

d.- Revisión de prezos.

Tendo en conta que o prazo do contrato proposto é dun ano, enténdese que non debe contemplarse ningunha revisión para o prezo do contrato.

e.- Facturación dos servizos:

A prestación dos servizos vinculados ó presente contrato se realizará a través de facturas mensuais polo importe resultante das horas efectivas realizadas ó mes, tanto as referentes as clases executadas, como o porcentaxe de tutorías executadas no mesmo periodo.

f.- Clasificación contratistas

O presente contrato non require a esixencia dunha clasificación previa ó atoparse nos comprendidos na categoría 26 “de servizos de esparramento, culturais e deportivos”.

g.- Solvencia económica e Financeira e solvencia técnica:

Solvencia económica e financeira:

▫ Declaración da cifra global de negocio expresada en anualidades e referida, como máximo, ós tres últimos exercicios. Considerarase con solvencia económica e financeira ós licitadores que no conxunto dos tres exercicios teñan un volume de facturación que sexa igual ou superior ó do prezo do contrato.

Solvencia técnica e profesional:

▫ Certificados acreditativos da execución de contratos de servizos similares ós do obxecto do contrato efectuados como mínimo nos tres últimos anos nos que se indicarán importe, datas e destino público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nos tres últimos anos, como máximo, acreditan ter realizado contratos similares ós do obxecto do contrato (soamente serán de referencia aqueles traballos vinculados coa actividade física en persoas maiores polo carácter específico que enmarca a realización destes servizos) cuxo importe, no seu conxunto, sexa igual ou superior ó prezo do contrato.

h.- Criterios de selección da oferta máis vantaxosa.

Prevese a valoración de máis dun criterio, en cumprimento do artigo 150.3 g) do TRLCSP:

h.1.- Avaliable mediante xuízo de valor:

Proxecto de organización e prestación de servizos; explícase cómo se vai valorar ata 20 puntos,

h.2.- Avaliables mediante fórmula:

Redución do prezo unitario; ata 80 puntos.

i.- Subcontratación.

Se autoriza nos términos e cuantías previstas no artigo 227 do TRLCSP, coa limitación dun 50% sobre o total do contrato.

j.- Prazo de garantía:

Tendo en conta a especificidade dos traballos vinculados a este contrato non se considera a necesidade dun prazo de garantía.

k.- Garantía provisional e definitiva:

Non procede a constitución dunha garantía provisional e como garantía definitiva, o licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá prestar unha garantía do 5% do orzamento base de licitación (sen iva).

l.- Prazo de execución e si se prevén prórrogas do mesmo.

Establécese como período do contrato de acordo os límites contemplados no artigo 303 do T.R.L.C.S.P, o de un (1) ano, prorrogable por mutuo acordo das partes, por período de un (1) ano.

No caso de que o adxudicatario pretenda renunciar á prórroga, deberá notificarlo ao Concello de Vigo, con oito meses de antelación como mínimo, á data do seu vencemento.

En caso de non facelo en dito prazo, o Concello de Vigo poderá acordar a prórroga en calquera momento antes do seu vencemento.

m.- Medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato.

Para a realización dos servizos obxecto deste contrato o adxudicatario deberá contar co persoal necesario, o cal deberá posuír a experiencia precisa para este tipo de traballos (mínima dun ano) e en todo caso ter a titulación mínima esixida da "licenciatura en ciencias da actividade física e o deporte".

n.- Modificación do contrato.

Atendendo ás peculiaridades dos requisitos vinculados o presente contrato é necesario contemplar a posibilidade do modificado do contrato en relación ós seguintes aspectos:

a) Que polas necesidades da demanda de usuarios para o programa ou polas peculiaridades das actividades, sexa necesario a realización de mais horas das previstas inicialmente no proxecto e recollidas no PPTP.

b) Calquera proposta de modificado non poderá superar un incremento do 20% do importe do prezo da oferta do adxudicatario.

o.- Seguro:

O Adxudicatario deberá ter un seguro de RC por un importe de cobertura mínimo de 300.000,00 €.

3.- Proposta:

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitir informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da prestación dos servizos técnico docentes, nas tarefas de coordinación e desenvolvemento técnico das actividades físicas a desenvolver no programa de "Ximnasia para persoas maiores".

Segundo: Aprobar o Prego de prescripción técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de ximnasia para persoas maiores, asinado polo Director Deportivo. Xefe da unidade técnica, con data 1 de setembro de 2014.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 1 de setembro de 2014.

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de 31.640,00 € sen iva, cun importe correspondente ó iva (21%) de 6.644,40 € o cal totaliza un importe de 38.284,40 €. con IVE (21%), como orzamento base de licitación, co seguinte desglose do contrato por anualidades

Anualidades	Importe sen iva	IVE	Importe con IVE
2014	10.546,67 €	2.214,80 €	12.761,47 €
2015	21.093,33 €	4.429,60 €	25.522,93 €
	31.640,00 €	6.644,40 €	38.284,40 €

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida:

3410	227.99.25	USO DE INSTALACIÓNS DEPORTES MAIORES
------	-----------	--------------------------------------

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

7(999).- MODIFICACIÓN DO IMPORTE DA SUBVENCION OUTORGADA POLA CONCELLERÍA DE DEPORTES A FAVOR DO CORUXO F.C. EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE, TEMPADA 2013/2014. EXPTE. 13129/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 29/08 e 04/09, respectivamente, dáse conta do informe-proposta do 26/08/14, do director deportivo do IMD que figura conformado polos concelleiros-delegados de Deportes e de Facenda, que di o seguinte:

"Atendendo á instrucción de data 22/08/2014 remitida polo Concelleiro de Deportes e ó establecido no acordo de adxudicación da subvención outorgada pola Concellería de Deportes a favor do Coruxo F.C. polo desenvolvemento do seu proxecto xeral de actividade deportiva na tempada deportiva 2013/2014, dase inicio á tramitación da modificación do dito convenio:

1. Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do día 13 de xuño de 2014 a "Adxudicación dunha subvención a favor do Coruxo F.C. en base ó desenvolvemento do proxecto xeral da actividade da entidade na tempada deportiva 2013/2014" (Expte. 13129/333) por importe de 50.000,00€.

O texto da dita resolución establece ademais no seu punto primeiro que "No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014".

Por outra banda, o Pleno do Concello de Vigo, en sesión celebrada o 13 de xuño do 2014, aprobou con carácter definitivo o Orzamento xeral do Concello para o ano 2014 (BOP 20/06/2014). Dito orzamento definitivo reflicte, na aplicación orzamentaria 3410.489.00.17, unha subvención con carácter nominativo a favor da entidade Coruxo F.C por importe de 71.000,00€.

Tendo en conta ambas circunstancias, conséntase un diferencial de 21.000,00€ entre o importe inicial e o determinado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014.

Ante estes aspectos atopamos criterios suficientes que nos levan á necesidade de propoñer a modificación do expediente de subvención a favor da entidade Coruxo F.C, axustando o diferencial entre o importe da subvención tramitada inicialmente a través do expediente 13129/333, e que ascendeu a 50.000,00€, e o contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo, 71.000,00€.

A lexislación aplicable, para este expediente, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Tal como se establece na resolución de concesión da subvención, atenderase, para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, ó establecido na letra f) do punto primeiro da mesma.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a modificación do importe da subvención proposta non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no vixente orzamento do Concello de Vigo, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia é pola actividade desenvolta pola entidade Coruxo F.C. durante a tempada deportiva 2013/2014, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a modificación do importe da subvención tramitada a través do expediente 13.129/333, aprobado en X.G.L. O 13/06/2014 en base ó definido no seu punto primeiro, que establece que "No caso de que o orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014 contemple na aplicación orzamentaria correspondente un importe superior polo mesmo obxecto, a Concellería de Deportes tramitará un expediente de modificación do presente convenio no cal se axustará o diferencial que defina a nova dotación de crédito no orzamento do ano 2014".

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 21.000,00€ como axuste do diferencial entre o importe tramitado inicialmente a través do expediente 13129/333, e o importe contemplado no orzamento definitivo do Concello de Vigo para o ano 2014, a favor da entidade Coruxo F.C co CIF: G-36708212 e enderezo social na rúa Estrada do Vao, s/n en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13129/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.17 do vixente orzamento.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

8(1000).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR)” NO MARCO DO FOMENTO MUNICIPAL DE EMPREGO PARA O ANO 2014. EXPTE. 11017/77.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico do 14/08 e de fiscalización do 02/09, dáse conta do informe-proposta do 28/08/14, do xefe do servizo, conformado polos concelleiros de Emprego e de Facenda, que di o seguinte:

“Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e a acuicultura, mediante a realización de ferias internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012 e 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...”

O concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está iniciando unha nova iniciativa de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

Esta nova iniciativa de fomento do Emprego xurde para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola crise económica actual.

Dentro desta iniciativa de fomento do Emprego temos en conta a situación do sector da alimentación e dentro deste o relacionado co comercio dos produtos derivados da pesca e da acuicultura e a potenciación do emprego no sector empresarial de produtos conxelados, fomentando o coñecemento internacional dos mesmos e, a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral, tendo en conta que a realización desta feira internacional enmarcarse dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, como á relacionada cos feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, podendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e dentro destes a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social.

A "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)", conforme o súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 10 de xullo de 2014 co nº de documento 140086278, a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto "Apoio á Feira Internacional de Productos do Mar Conxelados", instrumentará a realización da feira o que supón o mantemento dos postos de traballo da entidade, e a promoción do desenvolvemento empresarial, o que permitirá a dinamización da actividade económica da cidade nos diversos sectores implicados, así como permitir a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e o seu hinterland. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade exportadora, a Feira ofrece a posibilidade de realizar múltiples contactos internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción. Do mesmo xeito, a Feira funciona como un importante motor das exportacións sectoriais contribuindo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas asociadas a Conxemar con instalacións na área de influencia de Vigo facturaron un total de 2.500 millóns de euros en 2012, e manteñen un total de 5.600 empregos directos.*

A industria do conxelado da provincia de Pontevedra, localizada na súa maior parte en Vigo, exportou en 2013 un total de 659 millóns de euros, que representan o 10 % do total das exportacións.

- A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección internacional da cidade, a celebración da Feira xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio.*

Calcúlase que cada visitante de Conxemar deixa na cidade unha media de 300 €/día. A celebración de Conxemar é un dos escasos períodos do ano, se non o único, no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.

- O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira: a organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.*

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben, os complementan, como se amosa de seguido:

- ✓ Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.*
- ✓ Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.*
- ✓ Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.*
- ✓ Establecer procedementos de transición de ensino regrado ó mundo laboral.*
- ✓ Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.*
- ✓ Inserir laboralmente ós colectivos con máis dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.*
- ✓ Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.*
- ✓ Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no deseño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.*
- ✓ Potenciar a creación de Observatorios do mercado de traballo vinculados ao Pacto local de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice prospectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso do emprendemento.*

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio as persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

Na actualidade e tendo en conta a necesidade de dinamizar un sector que se atopa en recesión, mediante o seu coñecemento e dinamización o que permitirá a creación de novos postos de traballo baseados na exportación dos seus produtos e o mantemento dos postos de traballo, das empresas relacionadas coa transformación dos produtos do mar, e dentro desta área a "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)", é a única entidade que agrupa as empresas de Mayoristas, Importadores, Transformadores e Exportadores de produtos de pesca e que ten un profundo coñecemento do funcionamento e coordinación do empresariado, por un importe total de 100.000,00 €.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)", con CIF: G36636819.

2. Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao Plan de Emprego Municipal", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.

3. Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

"Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de duos mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013 e acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra, don Jose Luis Freire Freire, como Presidente da Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), con CIF: G36636819, e enderezo social en Avenida Beiramar, 29 de Vigo, Representación que acredita con certificación do secretario da entidade, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxecto integrados nos Plan de Fomento do Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2012 e 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)", para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sin ánimo de lucro de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A celebración de feiras sectoriais e en concreto a de produtos do mar conxelados, permite:

•A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e o seu hinterland. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade exportadora, a Feira ofrece a posibilidade de realizar múltiples contactos internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción. Do mesmo xeito, a Feira funciona como un importante motor das exportacións sectoriais contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as 199 empresas asociadas a Conxemar con instalacións na área de influencia de Vigo facturaron un total de 2.500 millóns de euros en 2012, e manteñen un total de 5.600 empregos directos. A industria do conxelado da provincia de Pontevedra, localizada na súa maior parte en Vigo, exportou en 2013 un total de 659 millóns de euros, que representan o 10 % do total das exportacións.

•A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección internacional da cidade, a celebración da Feira xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio. Calcúlase que cada visitante de Conxemar deixa na cidade unha media de 300 €/día. A celebración de Conxemar é un dos escasos períodos do ano, se non o único, no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.

•O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira: a organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.

MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), conforme o súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vio o pasado día 10 de xullo de 2014 co nº de documento 140086278, conforme o establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

a) promover o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colaborar ao maior benestar social b) a organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar entidades sin ánimo de lucro destinadas a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que

lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as cales cabe destacar a celebración de eventos feriais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral e empresarial na actual na cidade de Vigo:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

ESTADÍSTICAS DE PARO NA CIDADE DE VIGO XUÑO 2014						
Paro Actual	Total <25	Homes <25	Mulleres <25	Total >25	Homes >25	Mulleres >25
32.329	1.636	910	726	30.693	13.980	16.713

Paro rexistrado por sector de actividade:

ESTADÍSTICAS DE PARO NA CIDADE DE VIGO XUÑO 2014					
TOTAL	AGRICULTURA E GANADERÍA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN EMPREGO ANTERIOR
33.076	442	4.999	3.161	21.431	3.043

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento do sector alimentario e concretamente do relacionado cos produtos conxelados do mar, así como da implantación empresarial impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a celebración da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados, considerada a primeira do mundo no sector do conxelado durante o segundo semestre do ano, e que na edición en 2013 contou coa participación de 480 expositores de 36 países, e preto de 24.220 visitantes profesionais procedentes de 84 países

V.- Que CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura" non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura", o Concello de Vigo e a dita CONXEMAR convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura", comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de xestión da entidade e da dinamización sectorial das empresas adicadas ao conxelado de produtos do mar, a dinamización da actividade económica da cidade, e concretamente, a:

1.O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo o que implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.A Feira mobiliza anualmente a preto de medio millar de traballadores entre o persoal contratado pola organización e o contratado directamente polas empresas expositoras.

2.Mantemento de 6 profesionais dedicados á organización da Feira: dous na área de comunicación e catro na de Feria na sede da Asociación en Vigo.

3.Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

4.Nas oficinas de administrativas da entidade e na entrada ao recinto, deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

5.Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio debe aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.

6.Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

7.Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

8.As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

9.Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

10.En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

2.Respectar a estrutura organizativa de CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura".

3.Conceder directamente á CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura" unha subvención total por importe de 100.000,00 € con cargo á partida 2410.4800000 "Programa de axudas ao

Plan de Emprego Municipal”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2014, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

➤En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

➤A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

1.O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.

2. Tres vocais:

a)Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.

b)Dous a membros da Xunta directiva da entidade CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura".

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

a)Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.

b)Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.

c)Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- A beneficiaria, antes do 1 de novembro de 2014, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade conveniada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

1.As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

2.As Retribucións de persoal da entidade correspondentes aos 10 días anteriores e os 5 posteriores à celebración da feira, xustificaranse mediante:

- a)Copia autenticada do contrato.
- b)Copia autenticada do TC1 e TC2.
- c)Copia autenticada das nóminas.
- d)Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.
- e)Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

3.Cando a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo do convenio e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora do convenio e procederá á devolución do orixinal.

4.Serán gastos admitibles os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril de 2014 e o 15 de outubro de 2014.

5.En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio.

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril e o 15 de outubro de 2014, sempre e cando estén directamente relacionados coa celebración da feira.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo oitava.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura" no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo novena.-A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2014.

O Concelleiro de Emprego,

O Presidente de CONXEMAR

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

9(1001).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS PRAZA DE MIÑOCA PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE PARA O 2014, MEDIANTE FINANCIAMENTO DOS GASTOS DO LOCAL SOCIAL ENTRE XANEIRO E OUTUBRO. EXPTE. 6585/320.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico do 14/08 e de fiscalización do 05/09/14, dáse conta do informe-proposta do 03/09, da técnica de xestión conformado polo xefe do servizo e polos concelleiros de área e concelleira de Facenda, que di o seguinte:

“Con data 31 de xullo de 2014, a técnica que subscribe emitiu informe - proposta de resolución para a aprobación do texto do Convenio de colaboración obxecto do presente expediente, así como, para a autorización e disposición do gasto correspondente.

O secretario da Administración Municipal informou favorablemente con data 12/08/14.

Remitido o expediente ao Servizo de Intervención, e segundo dilixencia da interventora accidental requíresenos aclaración sobre o orzamento xeral do exercicio de 2014 e do referido ao período xaneiro-outubro do mesmo ano, así como do escrito achegado pola entidade beneficiaria. Así mesmo, advírtese a necesidade de que os orzamentos da entidade sexan asinados polo representante legal da entidade.

Pois ben, ao respecto cabe sinalar que a AA.VV Praza da Miñooca desenvolve as súas actividades en dous locais sociais. Un alugado (achégase fotocopia do contrato de aluguer), situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda, cuxo mantemento é obxecto do presente convenio, e outro cedido, de titularidade municipal, situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 30 (achégase informe ao respecto do xefe do Servizo de data 09/11/11).

Por un lado, en cumprimento do disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, esíxese que a asociación achegue, entre outros, orzamento anual da entidade. Neste orzamento a entidade reflicte os seus gastos e ingresos totais da entidade como tal e con independencia do número de locais onde leve a cabo as súas actividades.

Por outro, con motivo da formalización do convenio a asociación debe achegar un orzamento de referencia, que é o que vai servir de base para a xustificación. Tendo en conta que a vixencia do presente convenio é dende xaneiro a outubro e que o mantemento a subvencionar é o do local alugado (Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda), a entidade achegou orzamento de gastos e ingresos correspondente aos meses de xaneiro a outubro, referidos exclusivamente ao local obxecto de convenio.

Así é que, o aluguer, tanto no orzamento xeral como no orzamento parcial (xaneiro-outubro), refírese exclusivamente ao local arrendado (o outro e un local cedido en precario polo Concello). Este arrendamento supón un custe total anual de 3.804 €, 3,170 € se temos en conta

unicamente os dez meses de vixencia do convenio, tal e como reflicte a entidade nos respectivos orzamentos achegados.

Incorpóranse ao expediente escrito asinado pola presidenta da entidade no que se clarificada esta cuestión. Así mesmo, remítense os orzamentos selados e asinados pola mesma.

Compre sinalar que, con motivo desta aclaración, detectouse un erro tanto no texto do convenio como do informe, e que se emenda agora (incorpóranse ao expediente informe e convenio corrixidos). Así, onde di Rúa Eugenio Kraff, nº30, baixo debe dicir Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda.

Á vista do exposto, trala esta aclaración e emenda e co obxecto de continuar coa tramitación do expediente de referencia, emíttese o seguinte:

INFORME PROPOSTA

ANTECEDENTES

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo do 23/05/14 (doc. 140061424), D^a Elena Losada Fernández, en calidade de presidenta da Asociación de Veciños "Praza da Miño-ca" (CIF: G-36842284), achegou escrito solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o fomento das súas actividades para o 2014, que se concretará na axuda ao financiamento dos gastos de mantemento da entidade entre os meses de xaneiro a outubro, en particular o gastos de aluguer do seu local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda, necesarios para o desenvolvemento daquelas.

Segundo certifica o secretaria da entidade o 14/05/14, a Xunta Directiva da entidade, en sesión 24/04/14, acordou nomear a D^a Elena Losada Fernández, en calidade de presidenta da asociación, como persoa responsable da sinatura do convenio, á que o art. 33.a) dos seus Estatutos lle atribúe a facultade de ostentar "a representación legal da Asociación", actuando "no seu nome ante toda clase de organismo públicos ou privados".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Competencia municipal na materia

Entre os obxectivos que establece o artigo 2 do Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo, aprobado por acordo plenario de data 26/03/92 e modificado por acordo de 31/03/93, co fin de promover a democracia participativa, inclúense os de "facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal", "achegar a xestión municipal ao cidadá", así como, "fomentar o asociacionismo cidadá", facendo, así, efectivo o dereito dos veciños recoñecido no art. 18.1.b) da LRBRL.

A aprobación da recente Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local (LRSAL), cuxa regulación trae causa da LO 2/12, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, supuxo unha reforma legal de grande calado na definición do sistema de competencias. Entre os seus obxectivos, encóntrase o de clarificar as competencias locais, evitando duplicidades, a cuxo efecto, deulle unha nova redacción, entre outros, aos artigos 2, 7, 25, 26 e 27 da LRBRL.

Esta Lei distingue entre competencias propias (arts. 7.2 e 25 da LRBRL), delegadas (arts. 7.3 e 27 LRBRL) e as distintas das propias e das atribuídas por delegación (art. 7.4 LRBRL), que só poderán exercerse cando non se poña en risco a estabilidade financeira do conxunto da facenda municipal e non se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público con outra Administración pública.

O municipio, en virtude do disposto no art. 25.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos previstos neste artigo.

O apartado segundo deste precepto enumera as materias sobre as que o municipio exercerá competencias, en todo caso, como propias, e nos termos da lexislación do Estado e das CC.AA. Así, debemos entender que o art. 25 non contén propiamente un listado de competencias municipais, senón de materias nas que as leis, estatais ou autonómicas, deben atribuír necesariamente competencias aos municipios, é dicir, o art. 25 reserva e garante un ámbito material de competencias mínimo. O Estado pode identificar as materias onde está presente este interese ou garantía local, pero non pode substituír ás CC.AA atribuíndo competencias municipais en ámbitos sectoriais de titularidade autonómica. Así se desprende da DA3ª da LRSAL ao establecer, a propósito do ámbito de aplicación da Lei ás CC.AA, “sen prexuízo das súas competencias exclusivas en materia de réxime local asumidas nos seus estatutos de autonomía, no marco da normativa básica estatal e con estrita suxeición aos principios de estabilidade orzamentaria,

sostibilidade financeira e racionalización das estruturas administrativas”.

Pola súa parte, debemos ter presente que, ao amparo da DT2ª da LBRL, os municipios poden exercer, existindo financiamento, as competencias que lles atribúa a lexislación sectorial vixente. Preceptúa esta disposición que “hasta tanto a lexislación do Estado e das CC.AA, que se dite de conformidade co establecido nos artigos (...) 25, apartado 2 (...), desta Lei, non dispoña outra cousa, os municipios (...), conservarán as competencias que lles atribúe a lexislación sectorial vixente na data de entrada desta Lei”.

Pois ben, artigo art. 3.3.b) da recen aprobada Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores nesta concellería.

Así, unha das principais funcións do Servizo de Participación é o fomento das actividades e actuacións das entidades se ánimo de lucro inscritas no RMA, que cumbran os requisitos legalmente establecidos, fomento que se canaliza anualmente a través da convocatoria pública de subvencións e por medio da formalización de convenios de colaboración, como é o caso do convenio obxecto da presente tramitación, que se ven celebrando nos últimos anos, tal e como se desprende dos expedientes nº 5138/320 (2011), 5950/320 (2012) e 6295/320 (2013).

Pola súa parte, a DA1ª da referida lei dispón que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da Lei 27/13, de RSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose por dita lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Segundo o art. 255 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), establece que os concellos galegos favorecerán o desenvolvemento das asociacións que se

constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, que terán a consideración de entidades de participación cidadá. Para dita finalidade, contempla a posibilidade de asignación de medios e a distribución de axudas (art. 255.5 LALGA).

O art. 2.1 da propia LBRL establece os criterios fundamentais que as leis de desenvolvemento deben ter en conta á hora de concretar as competencias locais segundo o sistema de distribución competencial entre o Estado e as CC.AA. Así, dispón que “para a efectividade da autonomía constitucionalmente garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas reguladora dos distintos sectores da acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar ós Municipios, Provincias e Illas o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao seu círculo de intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e a capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia e con estrita suxeición á normativa de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira”.

Non en van os Municipios son Entidades básicas da organización territorial do Estado e canles inmediatos de participación cidadá nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividade (art. 1 LBRL).

En liña con isto, o TC en Sentenza 214/1989, de 21 de decembro, entende que a fixación dos principios básicos e directrices en relación coas competencias que se deban recoñecer ás entidades locais, e de acordo cos principios de descentralización e máxima proximidade da xestión administrativa aso cidadáns, correspóndelle ao lexislador estatal, que garantirá os mínimos competenciais que dotan de contido e efectividade á garantía da autonomía local, sendo o lexislador competente por razón da materia o que, respectando esas bases estatais (en especial, por canto aquí nos atinxe, os art. 2.1, 25.2 e 26) o que fixará, polo miúdo, tales competencias.

Segundo o art. 23.1 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955 (RS), as corporacións locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

Por outra lado, debemos ter presente que, de conformidade co RS, a actividade de fomento ou incentivadora, constitúe, xunto coas de prestación ou servizo público e de limitación ou policía, unha das formas de intervención dos concellos na actividade dos administrados.

O art. 72 da LRBRL establece que las corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilítanlle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades. Non cabe dúbida de que a Administración mai inmediata e axeitada, para facilitar a participación de todos os cidadáns na vida local, que preceptúa o art. 69.2 LBRL, é a propia Administración Local.

Pola súa parte, o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (RD 2568/86, de 28 de novembro), prescribe, no seu art. 232.1, que os concellos poden subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire ós seus gastos xerais como ás actividades que realicen.

A CE concibe con amplitude a garantía institucional da autonomía de goberno e administración dos municipios, contemplado no seu art. 140, a cal, debe interpretarse, no terreo competencial, de acordo ca cláusula de subsidiariedade que contén a Carta Europea de Autonomía Local, de

15 de outubro de 1985, cuxo art. 4.2 dispón que “as entidades locais teñen dentro do ámbito da Lei, liberdade plena para exercer a súa iniciativa en toda materia que non está excluída da súa competencia ou atribuída a outra autoridade”.

Modalidade da subvención: concesión directa. Beneficiaria

O artigo 22.2.a) da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adelante), posibilita a concesión directa de subvencións previstas nominativamente no orzamento da entidade local. Neste caso, aparece determinada expresamente no vixente orzamento municipal de 2014, nos termos do art. 65.1 do RD 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS, en adelante), na partida nº 9240.4890011 denominada “Convenio Asociación Veciños A Miñoa”.

A subvención obxecto do presente expediente canalizarase, de conformidade co art. 26.1 da Lei 9/07, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG, en adelante), a través de convenio.

Consultado os arquivos da Oficina de Participación Cidadá, consta que a beneficiaria da subvención, a Asociación de Veciños “Praza da Miñoa”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 596/98, segundo Decreto de Alcaldía de data 23/10/98.

Obxecto da subvención

Tal e como se desprende do art. 2.1.b) e c) da LXS enténdese por subvención toda disposición de diñeiro realizada, neste caso, pola Administración Local, a favor de persoas públicas ou privadas que cumpra, entre outros, o requisito de “que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, execución dun proxecto, realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver...”, “... que teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública” e que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.

Neste caso, o obxecto do convenio e o fomento das actividades programados pola entidade para o ano 2014, mediante a colaboración no financiamento dos gastos de mantemento da entidade, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, en particular, os gastos de aluguer do seu local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda, e necesarios para o seu desenvolvemento, actividades que se consideran de interese público e social.

Segundo recollen os arts. 2 e 3 dos Estatutos da Asociación de Veciños “Praza da Miñoa”, entre os fins e actividades da entidade Asociación de Veciños “Praza da Miñoa”, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, figuran os seguintes:

- ✓ Atender as múltiples necesidades sociais e culturais dos veciños
- ✓ Atender, instar e solucionar as graves carencias do barrio, no referente ao alumeado, lugares de recreo, seguridade, ocio, lixo, actividades deportivas...
- ✓ Promoción de accións eficaces, necesarias para garantir os intereses dos seus asociados, favorecendo a promoción integral da persoa a través da solución de problemas colectivos
- ✓ Accións protectoras da propiedade urbana e mercantil obrigada a manter un interese colectivo
- ✓ Promoción do debate público, obxectivo e documentado, sobre calquera problema do barrio

Tal e como se sinalou anteriormente, nos termos contemplados no art. 72 LRBRL, “as Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños, facilitándolle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas

para a realización das súas actividades, impulsando a súa participación na xestión da Corporación...”.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia, no termo municipal, de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto de ámbitos territoriais como sectorial, as cales, pola súa implantación nos barrios e parroquias e o seu compromiso no desenvolvemento dunha gran diversidade de actividades reivindicativas, veciñais, festivas deportivas e culturais, educativas, formativas, sanitarias etc., acadan o propósito de implicar a poboación na proposta e detección de solucións a diferentes problemáticas sociais e urbanas, establecendo canais de cooperación co Concello na consecución do progreso socioeconómico e da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.

Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e cultural que redundan no beneficio da cidadanía.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación necesaria coa Asociación de Veciños "Praza da Miñoa" para subvencionar os seus gastos de mantemento, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, en particular, os gastos de aluguer do local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda, necesarios para levar a cabo as actividades sociais, reivindicativas e culturais programadas pola entidade para o ano 2014, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación de Veciños "Praza da Miñoa" nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

Crédito orzamentario e contía

Entre os recursos para o financiamento de actividades a entidades sen ánimo de lucro, figura no vixente orzamento municipal de 2014, aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), a partida presupostaria nominativa nº 9240.4890011, denominada "Convenio Asociación Veciños A Miñoa", cunha dotación orzamentaria de 4.248 €.

Documentación

a) A entidade solicitante da subvención está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) no epígrafe 10.1 denominado "Veciñais, consumo e usuarios sociocomunitarios: Asociacións de Veciños", co número 596/98, cumprindo así co requisito establecido no art. 12 do Regulamento de Participación Cidadá de 1992 (acordo plenario de 26/03/92) e co disposto no art. 236.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro (ROF), que condicionan, primeiramente, a percepción de calquera subvención á previa inscrición da interesada no RMA.

b) A Asociación de Veciños "Praza da Miñoa", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das BEP, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

* certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- coa Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 08/05/14
- coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 08/05/14
- coa Seguridade Social, de data 08/05/14
- incorpóranse ao expediente certificado de Tesourería de non ter débedas pendente co Concello de Vigo, de data 19/05/14.

• *declaración responsable, de data 14/05/14, de que a entidade non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións e circunstancias do artigo 13 da LXS.*

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1- proxecto de actividades da entidade para o ano 2014, para cuxo desenvolvemento, o Concello de Vigo colabora no financiamento dos seus gastos de mantemento, realizados entre xaneiro e outubro, en particular, os gasto de aluguer do seu local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda. Inclúe fundamentación do proxecto, descrición da actividade, día e lugar de celebración, colectivo destinatario e número de beneficiarios, programación desenvolvida, participantes, identificación de monitor e actuacións a realizar.

<p>Actividades formativas, culturais, música, danza e deporte</p>	<p>Debuxo e pintura Pilates Informática I e II loga Ximnasia de mantemento Tapicería "Vivir en positivo" Tai chi Club de lectura Inglés infantil Inglés I e II Conferencia vídeo foro Memoria Activa Pandeireta Gaita Guitarra Petanca Bixutería</p>
<p>Actividades de lecer</p>	<p>Festa do Entroido Festa de San Xoán Marcha popular Día das Letras Galegas Magosto Nadal Veciñal Excursións Charlas e coloquios</p>

O orzamento de gastos achegado pola entidade para facer fronte aos gastos de mantemento a subvencionar reflíctese no seguinte cadro:

ORZAMENTO GASTOS DE MANTEMENTO XANEIRO-OUTUBRO (2014)	
Aluguer + imposto	4.352,00 €
Luz	450,23 €
Teléfono	523,08 €
Auga	421,00 €
Taxas e impostos	164,85 €
Asesoría	120,00 €
Limpeza	70,00 €

TOTAL	6.101,16 €
-------	------------

Certificado da secretaria da entidade, de data 14/05/14 segundo o cal, en reunión celebrada o 24 de abril de 2014, a Xunta Directiva da asociación acordou solicitar ao Concello a formalización do convenio, así como, nomear a D^a Elena Losada Fernández, como persoa responsable da sintonatura do Convenio de colaboración co Concello de Vigo. Acompáñase fotocopia do seu DNI.

- 3. Certificado da secretaria, de data 08/05/14, sobre número de persoas asociadas e cota por socio: 820.*
- 4. Resumo da memoria de actividades realizada durante o ano 2013 (consta memoria completa no expediente 6295/320), acompañada do correspondente balance económico de ingresos e gastos.*
- 5. Proxecto de actividades a realizar durante o ano 2014, acompañada do correspondente previsión de gastos e ingresos.*
- 6. Certificación de número de conta bancaria 0049 1788 2810010604 de Santander, emitida pola entidade bancaria o 21/02/14.*
- 7. Certificado da secretaria da asociación sobre membros da xunta directiva.*
- 8. Declaración responsable do presidente electo de non ter percibido outras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da unión europea ou de organismos internacionais.*
- 9. Autorización do representante legal da federación, de data 14/05/14, ao servizo de Participación Cidadá para solicitar a expedición informática ou telemática dos certificados que acreditan estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Administración.*
- 10. Escrito da presidenta da asociación, de data 23/07/14, aclaratorio do orzamento de referencia do presente convenio.*

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

Compatibilidade da subvención

Cumprindo coa obriga que o art. 14.1.p) da LSG impón sobre o contido mínimo das bases reguladoras da subvención, neste caso, o convenio a través do que se canaliza, e o disposto no art. 19.2 da LXS, a axuda obxecto do presente expediente será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria, de conformidade co artigo 14.1.d) da LXS, deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

Tal e como preceptúa o art. 19.3 da LXS, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada”, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos intereses de demora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do RLXS.

En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia acompañada das correspondentes resolucións de concesión ou,

no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas, conforme se indica na cláusula novena do convenio.

Prazo e forma de xustificación

De conformidade coa Base 38ª.4.2 das BEP, o convenio deberá incluír, entre outros extremos, o prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario.

Son gastos subvencionables, segundo o art. 31 da LXS, os que de maneira indubidable responden á natureza do proxecto subvencionado, que resulten estritamente necesarios e que se realicen entre o 01/01/13 e o 31/10/31.

Segundo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 3 de novembro de 2014.

A Base 38ª.11 das BEP establece que “As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana de decembro, e a súa remisión a Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente”.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención.*

b) *Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

- 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
- 2. Datas e lugar de celebración.*
- 3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
- 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
- 5. Actuacións realizadas.*
- 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- 7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
- 8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
- 9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.*

c) *Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “x” diante*

do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarse fotocopia do contrato de traballo

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención

Respecto ao IRPF, no será gasto subvencionable para o traballador no caso de que este recibira a subvención. Agora ben, para a organización na que traballa o na que presta os seus servizos, o IRPF declarado e liquidado é tan subvencionable como calquera outro gasto de persoal. En efecto, o IRPF que unha asociación abona polos seus traballadores non é un tributo da asociación, senón un gasto de persoal da asociación e un tributo para o traballador, o cal, por ser parte do salario bruto, é retido pola asociación por mandato de facenda.

- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión

seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora

correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 0049 1788 21 2810010604 (Santander), segundo certificación da entidade bancaria de data 21/02/14.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, respecto dos gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude (auga, luz, teléfono), admítense unha variación de ata un máximo do 10% sobre o importe proxectado.

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.

A proposta de recoñecemento da obriga e pagamento en execución do convenio, remitirase, como indica a Base 40ª.5 das BEP, á Intervención acompañada de copia do convenio asinado, acordo da XGL que aprobou o texto do convenio, certificación do centro xestor acreditativa do cumprimento do convenio e fase e número do documento contable emitido como consecuencia da fiscalización efectuada.

Subcontratación

A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Convenio

O art. 26 da LSG cualifica aos convenios como “instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos...”. Este convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión, tal e como se infire do mesmo precepto, ao establecer que estes convenios “establecerán as condicións e compromisos aplicables...”, ou como se contempla explicitamente na Base 38ª.4.2 das Bases de Execución do vixente Orzamento Xeral Municipal, con carácter excepcional para os supostos de concesión directa previsto no art. 22.2.a) e c) da LXS.

O convenio obxecto do presente expediente terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do período de imputación do gasto subvencionable (dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de outubro de 2014) e do prazo de xustificación (3 de novembro de 2014), en consonancia co principio de anualidade do Presuposto, no que está prevista nominativamente a subvención a conceder, e co principio de excepcionalidade que rexe o outorgamento das subvencións directas, que teñen por destinatario un beneficiario identificado, e por obxecto un gasto concreto e determinado, así como unhas liñas de actuación e obxectivos

predeterminados, a levar a cabo en exclusiva durante o exercicio presupostaria, finalizado o cal e verificado o cumprimento das condicións impostas e dos obxectivos pretendidos, desaparecen os presupostos que xustificaron a excepcionalidade da súa concesión.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

En cumprimento do disposto nos art. 26 da LSG e da Base 38ª.4.2 das BEP, o texto do convenio que se axunta para a súa aprobación contén, a lo menos, os seguintes extremos:

- determinación do obxecto da subvención*
- beneficiarios e modalidade de axuda*
- crédito orzamentario*
- réxime de compatibilidade con outras axudas*
- prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario e forma de pago*
- réxime xurídico aplicable*

Sinatura e órganos competentes

a) O convenio será asinado, en representación do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), por D. Abel Caballero Álvarez, en calidade de Alcalde e, en representación da Asociación de Veciños "Praza da Miñoa" (CIF.- G-36842284), por Dª Elena Losada Fernández (34225285C), en calidade de presidenta.

Todo órgano colexiado e persoa xurídica debe actuar na vida do dereito a través de persoas físicas que legalmente os representan, representación legal que, no caso do concellos, lle corresponde ao Alcalde, conforme ao artigo 124.4.a) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), así como o art. 41.1 do ROF, artigo entre outras atribucións faculta ex lege ao Alcalde para "asinar escrituras, documentos e pólizas". No mesmo senso, tendo presente que estamos ante un municipio de Gran Poboación, o art. 124.4.f) atribúelle ao Alcalde as funcións de "... execución e cumprimento dos acordos dos órganos executivos do Concello"

Consecuentemente, non precisa ningunha autorización especial para o exercicio das atribucións en orden a representar ao Concello e a executar o acordado. Esta obriga de execución recae en quen sexa Alcalde en cada momento, que unicamente precisará, se se trata de subscribir documentos, da oportuna acreditación-certificación de que o é, emitida polo Secretario.

En todo caso, a Base 40ª.2 das BEP establece que os convenios serán subscritos, en representación do Concello, polo Alcalde-Presidente.

Polo que respecta a Asociación de Veciños "Praza da Miñoa", tal e como se indicou anteriormente, incorporouse ao expediente, certificado da secretaria da entidade, de data 14/05/14, segundo o cal, o 24/04/14, a xunta directiva da Asociación de Veciños "Praza da Miñoa" acordou nomear a Dª Elena Losada Fernández como persoa responsable da sinatura do convenio. Pola súa parte, o art. 33.a) dos estatutos da entidade atribúelle á presidenta a facultade de ostentar "a representación legal da Asociación", actuando "no seu nome ante toda clase de organismo públicos ou privados".

b) O art. 7.4 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñan atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co art. 127.1.g), en relación coa base 15ª das BEP, correspóndelle a XGL “o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor de gastos previamente autorizados polo Pleno...” e, porén, a aprobación do convenio, previa aprobación do gasto, de acordo co art. 31.1 da LSG.

Segundo o art. 54.1 do RD 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, a autorización é “o acto mediante o cal se acorda a realización dun gasto determinado por unha contía certa ou aproximada, reservando a tal fin a totalidade ou parte dun crédito presupostario” e que constitúe o acto administrativo que pon en marcha o procedemento de execución do gasto. Pola súa parte, segundo o art. 56 do mesmo, a disposición ou compromiso é o “acto segundo o cal se acorda, tralo cumprimento dos trámites legalmente establecidos, a realización de gastos previamente autorizados, por un importe exactamente determinado”. Contablemente, materialízase coa emisión do documento A “Autorización de gasto” (Base 16ª.8 BEP) e D “Disposición de gasto”, sen prexuízo da acumulación das dúas fases nun só acto administrativo, tal e como permite o art. 84.2 do TR da LRHHLL (RDL 2/04, de 5 de marzo) e Bases 14.2 e 21 das BEP, en cuxo caso, se emitiría o documento AD.

Pola súa parte, segundo o disposto na Base 16ª.6 BEP, no caso de subvencións nominais, o orzamento aprobado será causa habilitante para a autorización do gasto, quedando, en todo caso, sometido ás especificacións previstas na LXS, RLXS, LSG e demais normas de desenvolvemento.

En todo caso, previa contabilización do documento RC “Retención de Crédito”, que é o acto contable que se realiza como consecuencia da expedición dunha certificación de existencia de crédito adecuado e suficiente nunha partida orzamentaria para a autorización dun gasto por unha contía determinada, producindo, polo mesmo importe, unha reserva de dito gasto. Atendendo ao contido da Base 16ª 1 e 6 das BEP, tratándose de subvencións con consignación nominal e individualizada no orzamento, a autorización do gasto non requirirá a incoación de expediente, pois o orzamento aprobado será causa habilitante para dita autorización.

Notificación e publicidade da subvención

A resolución que se adopte notificaráselle á entidade interesada, tal e como dispón o art. 24 da LSG, de acordo co previsto no art. 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

Conforme ao art. 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación desta subvención no diario oficial correspondente, por canto se trata dunha axuda pública que ten asignación nominativa no vixente orzamento municipal.

Réxime xurídico

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Recursos

De conformidade cos art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno poñen fin á vía administrativa.

Segundo os arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o segundo ata a resolución expresa do primeiro ou a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de dous meses, establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA).

Con este informe, entende a que subscribe, salvo mellor dereito, que se cumpren o requisitos esixidos no art. 26.2 da LSG e Base 38ª 4.2 das Bases de Execución do vixente Orzamento xeral municipal.

CONCLUSIÓN

A vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención Xeral sobre a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente e, de conformidade co art. 127.1.g) da LRBRL, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 4.248 € (catro mil douscentos corenta e oito euros), con cargo á partida presupostaria nominativa nº 9240.4890011, denominada "Convenio Asociación Veciños A Miñoa", incluída no vixente orzamento municipal, a favor da entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñoa".

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños "Praza da Miñoa" (CIF.- G-36842284), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade para o ano 2014, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos seus gastos de mantemento, realizados entre xaneiro e outubro, en particular, os gastos de aluguer de seu local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda, necesarios para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDE á referida entidade, unha subvención de 4.248 € (catro mil douscentos corenta e oito euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución."

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "PRAZA DA MIÑOCA" PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

PARA O 2014, MEDIANTE O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL SITUADO NA RÚA EUGENIO KRAFF, Nº 26- BAIXO ESQUERDA, REALIZADOS ENTRE OS MESES DE XANEIRO A OUTUBRO, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, EN PARTICULAR, OS GASTOS DE ALUGUER

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil catorce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Elena Losada Fernández, con DNI 34225285C, en calidade de Presidenta da Asociación de Veciños "Praza da Miñooca" (CIF: G36842284), con domicilio social na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 6585/320.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioculturais que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento do asociacionismo e da participación cidadá, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a atender as necesidades sociais, comunitarias e culturais dos veciños, sendo a Asociación de Veciños "Praza da Miñooca", unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade cos arts. 2 e 3 dos seus Estatutos, entre os fins e actividades da entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñooca", todos eles de interese para a cidadanía viguesa, figuran os seguintes:

- ✓ Atender as múltiples necesidades sociais e culturais dos veciños
- ✓ Atender, instar e solucionar as graves carencias do barrio, no referente ao alumeado, lugares de recreo, seguridade, ocio, lixo, actividades deportivas...
- ✓ Promoción de accións eficaces, necesarias para garantir os intereses dos seus asociados, favorecendo a promoción integral da persoa a través da solución de problemas colectivos
- ✓ Accións protectoras da propiedade urbana e mercantil obrigada a manter un interese colectivo
- ✓ Promoción do debate público, obxectivo e documentado, sobre calquera problema do barrio

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo resolución de data 23/10/98, a Asociación de Veciños "Praza da Miñooca" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 596/98 no epígrafe 10.1.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñooca" leve a cabo os proxectos e actividades socioeducativas planificadas para o ano 2014, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento da entidade, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, en particular, os gastos de aluguer do seu local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda, necesarios para o desenvolvemento daquelas.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, aprobado definitivamente o 13/06/14 (BOP Núm. 118, do venres 20/06/14), a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890011, denominada "Convenio Asociación Veciños A Miñooca". Nos mesmos termos e contía se contempla no orzamento municipal de 2014, aprobado inicialmente en sesión plenario extraordinaria, con data 02/05/14.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Veciños "Praza da Miñooca" para o 2014, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos seus gastos de mantemento, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, en particular, o aluguer do seu local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda, necesarios para o seu desenvolvemento, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

<i>Actividades culturais, formativas, música, danza e deporte</i>	<i>Debuxo e pintura Pilates Informática I e II loga Ximnasia de mantemento Tapicería "Vivir en positivo" Tai chi Clube de lectura Inglés infantil Inglés I e II Conferencia vídeo foro Memoria Activa Pandeireta Gaita Guitarra Petanca Bixutería</i>
<i>Actividades de lecer</i>	<i>Festa do Entroido Festa de San Xoán Marcha popular Día das Letras Galegas Magosto Nadal Veciñal Excusións Charlas e coloquios</i>

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da asociación programadas para o 2014, mediante a colaboración no financiamento dos seus gastos de mantemento, en particular, os gastos de aluguer do local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o seu desenvolvemento, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, se reflicte no seguinte cadro:

ORZAMENTO GASTOS DE MANTEMENTO XANEIRO-OUTUBRO (2014)	
Aluguer + imposto	4.352,00 €
Luz	450,23 €
Teléfono	523,08 €
Auga	421,00 €
Taxas e impostos	164,85 €

Asesoría	120,00 €
Limpeza	70,00 €
TOTAL	6.101,16 €

IX.- Que a entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñooca" non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, comunitario, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñooca", o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito socicomunitario, educativo e cultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñooca" comprométese a colaborar coa concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo a actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Asociación de Veciños "Praza da Miñooca" unha subvención por importe de 4.248 € (catro mil douscentos corenta e oito euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890011, denominada "Convenio Asociación Veciños A Miñooca", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento dos seus gastos de mantemento, en particular, os gastos de aluguer do seu local social situado na Rúa Eugenio Kraff, nº 26, baixo esquerda, realizados entre os meses de xaneiro a outubro, necesarios para o

desenvolvemento das actividades programadas pola entidade para o ano 2014, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Veciños "Praza da Miñooca".

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no se caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- *En virtude del art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Quinto.- *A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

Sexto.- *A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18.3.a) da Lei Xeral de Subvencións, ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais.*

Sétimo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o 2014.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Veciños "Praza da Miñoa", mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa, que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **3 de novembro de 2014**.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datos e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse orixinais que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- os documentos xustificativos orixinais achegados poderán devolverse á beneficiaria, previa solicitude por escrito no momento da súa presentación, en cuxo caso, e para posibilitar o control da concorrencia das subvencións, serán validados e compulsados polo servizo xestor, mediante selo existente ao efecto, no que se fará constar a subvención para cuxa xustificación foron presentados, indicando o porcentaxe do mesmo que se imputa á subvención
- os gastos realizados acreditaranse mediante facturas que inclúan todos os elementos legalmente esixidos.
- os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impositiva, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.
- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso, os orixinais poderán ser substituídos por copias compulsadas nin se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...).
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente.
- para considerar debidamente acreditados os custes salariais correspondentes a gastos de persoal, deberán acompañarse copias do contrato de traballo, nóminas correspondentes asinadas polo perceptor e pagadas, Modelo 111, de autoliquidación de retencións e ingresos a conta do IRPF do trimestre correspondente, coas respectivas acreditacións bancarias de pago, así como, tc2 (relación nominal de traballadores) e tc1 (recibos de liquidación de cotizacións á Seguridade Social) acompañados dos correspondentes comprobantes de pago. Así mesmo, achegarse fotocopia do contrato de traballo.
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- o IRPF será subvencionable cando se acredite que se practicou a pertinente retención, e que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención.
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.

h) acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Noveno.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 0049 1788 21 2810010604 (Santander).

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no ano 2014, no período comprendido entre o 01/01/14 e o 31/10/14.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención. Como excepción, respecto dos gastos estimados, difíciles ou imposibles de concretar no momento da solicitude (auga, luz, teléfono), admítese unha variación de ata un máximo do 10% sobre o importe proxectado.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia dende a a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2014, sen prexuízo do disposto para o prazo de xustificación e para o período de imputación dos gastos subvencionables.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, en Vigo, ---- de ----- de 2014.

*Polo Concello de Vigo:
O Alcalde,
Abel Caballero Álvarez*

*Pola Asociación de Veciños "Praza da Miñooca":
A presidenta,
Elena Losada Fernández"*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta contida no precedente informe.

10(1002).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN TAREFAS DE TRES AXUDANTES DE OFICIOS, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 25600/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 05/09/14, da técnica de Formación e Avaliación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro de Xestión Municipal e fiscalizado en data 09/09/14, que di o seguinte:

"Antecedentes:

Con data 24/03/2014 e 21/05/2014, o Xefe do Servizo de Educación, coa conformidade do Concelleiro-delegado da Área de Educación, solicita a cobertura dos postos de traballo de porteiros-vixiantes de instalacións municipais adscritos aos centros públicos de ensino infantil e primaria, para cubrir os servizos nos distintos colexios públicos municipais, que garantan o cumprimento da obriga municipal para cos colexios públicos (vixilancia, conservación e mantemento) en virtude do disposto na normativa legal (Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 25, parágrafo 2º, reformada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local)

O Servizo Municipal de Educación debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación. En concreto, o mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia é responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2), reformada pola Lei 27/2013 de de de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Isto supón ter que atender e dar resposta urxente dende a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) ás innumerables

necesidades que teñen os máis de 50 centros escolares que supoñen máis de 175.000 m² de superficie edificada e máis de 300.000 m² de superficie de terreos que acollen a preto de 10.000 alumnos/as.

O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 29 de agosto de 2014, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o nomeamento interino de tres axudantes de oficios por acumulación de tarefas.

En execución da derradeira oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura en réxime laboral fixo de vinteseite prazas de Axudantes de oficios, figurando na acta do tribunal de data 26 de decembro de 2011 a correspondente proposta de contratación, formalizando contrato laboral fixo con data 1 de febreiro de 2012, trala autorización da Xunta de Goberno Local de 20 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación de aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

De conformidade co establecido no artigo 3 das "normas reguladoras, foron requeridos/as os/as aspirantes da lista de substitucións referida aos que lle corresponde ser nomeados, D Pablo Díaz Alvarez, con NIF 36124763-C, D Daniel Balseiro Rodriguez, con NIF 76729746-K e D Jesus Fajardo Fariñas, con NIF 36130401-T., os cales manifestaron a través de escritos de data 29/08/2014 optar aos referidos nomeamentos interino por acumulación de tarefas según do disposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, manifestando a súa aceptación expresa e acreditando neste Servizo de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto, toda vez que o aspirante que figura no posto 5º D. José Manuel Martínez Barreiro, DNI 36.065.902-Q ten a condición de persoal

laboral fixo deste concello coa categoría de oficial pavimentador; os/as aspirantes núm. 1-Bastos Villar, Purificación e 31-Vázquez Rodríguez, Javier, foron nomeados interinamente na sesión da Xunta de Goberno Local de 07/02/2014, expte. 24687/220; os/as aspirantes 2-Arroyo Muñoz, Francisco, 3-Mera Aira, Arturo, 4-Prieto Almaraz, Alejandra, 6-Ballesteros Vázquez, Óscar, 7-Otero Fervenza, Jose, 8-Couso Suárez, Enrique Fernando, 9-Quintas Pérez, José Juan, 10-Fernández Pereira, Francisco e 11-Barrio Martínez, Leonor foron nomeados/as interinamente na sesión da Xunta de Goberno Local de data 09/05/2014, expte. 25178/220 e o aspirante que figura co núm. 12 na lista de substitucións D. Alberto Gregorio Domínguez, rexeitou participar nesta proposta de nomeamento por mellora de emprego neste mesmo expediente 25178-220.

Os/as aspirantes núm. 9-Quintas Pérez, José Juan, 14-Comesaña Fernández, Isabel, 19-Otero Correa, José María, 21-Sánchez Franco, Abraham, 22-Caride González, Borja, 23-Fouz Ares, María Jesús, 24-Alonso Vidal, Tomás, 25-Castro Duarte, Alfredo B., 26-Vázquez Agulla, Miguel, 27-Fernández Álvarez, Armando, 28-Molina Jiménez, Rafael, foron nomeados/as interinamente na sesión da Xunta de Goberno Local de data 31/10/2013, expte. 24448/220. O aspirante núm. 17-Comesaña Araujo, Manuel, foi proposto para ser nomeado como oficial pavimentador no expte. 25138/220; o aspirante núm. 30-Pintos da Cunha, Javier, foi nomeado interinamente pola Xunta de Goberno Local de data 05/12/2013, expte. 24630/220. Os aspirantes núms. 33-Lago Guerra, José Manuel, 36-Pena Besada, José, 37-González Fernández, Raúl, 39-Quinteiro Domínguez, Teresa, 41-Pastoriza Rozas, José Félix, 42-Morillo Pereda, Francisco, 49-Pérez Tizón, Tamara, 54-Rodríguez Fernández, Gonzalo, 55- Fernández Iglesias, Eligio Manuel, 45-Capelo Rodiño, José Ramón, 15-Martínez Alonso, Jorge e 29-Reboreda Martínez, Manuel, xa foron propostos con ocasión do expediente 25127/220 correspondente a brigada de limpeza de praias do presente ano 2014. Os aspirantes num. 32-Basalo Domínguez, Luis e, 44-Basalo Domínguez, Antonio, que renunciaron voluntariamente a aceptación destes nomeamentos polo que pasan ao final da lista. Así mesmo foron requeridos os aspirantes núms. 16-Iglesias Montes, Miguel Angel, 18-Riobó Hermida, José Manuel, 35-Rozados Gómez, José Angel, 38-Fernández Iglesias, José Carlos, 40-González Seara, Antonio Jesús, 43-Guisande Alonso, Rubén, 50-Martínez de la Torre, José, 52-Costas Vázquez, Andrea, 53-García Diz, Rubén, 56-Barreiro Rodríguez, Angel, 57-Sastre Aldecoa, Guillermo, 58-Alonso Areses, Manuel, 65-Villar Miranda, David, 70-Rodríguez Frade, Paulino, 13-Casal Mato, José Manuel e, 20-Casal Pazó, Angel, os cales presentan unha segunda renuncia polo que causan baixa definitiva na referida lista de substitucións. No que respecta aos aspirantes núms. 48-Veloso Costas, Jesús e 51-Costa Casas, Diego, tamén foron nomeados con ocasión do expediente 25138/220, prestando servizos ata o vindeiro 20/11/2014.

A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 218-vixiante de instalacións municipais da RPT vixente), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións de datas 11 de outubro e 2 de novembro de 2010, 1 e 15 de xullo de 2011, 11 e 25 de novembro de 2011, 29 de decembro de 2011, 27 de xaneiro, 9 de marzo, 27 de abril de 2012, 2 e 9 de xullo de

2012 e, 2 de febreiro, 26 de marzo e, 12 de abril de 2013, publicadas no BOP de data 16 de novembro de 2010, 26 de marzo, 23 de maio, 3 de agosto, 18 de setembro de 2012 e no BOP de 27 de febreiro e, 8 de maio de 2013, respectivamente.

Así mesmo, o artigo 10.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

De conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respectados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da oposición para a cobertura de vinte e sete prazas de axudantes de oficios na derradeira Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008.

De conformidade co disposto no apartado "Outras disposicións comúns" das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, "os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.

Asemade, e segundo o disposto no artigo 21.2 da Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, non se procederá a contratación temporal nin o nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos do artigo 10.1 da Lei 7/2007, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como é o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaplazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- *Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

